

# ACORDEÓN

## 1º GRAO PROFESIONAL

### PROBA DE INSTRUMENTO

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais.
- Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.
- Recórdase a todos os aspirantes que deben realizar tamén unha proba de linguaxe musical, debendo consultar para iso a programación propia da materia.

**Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).**

Invencions a dúas voces Bach.

Top-Boogie R. Bui

Tema y 4 variaciones J. C. Cárcamo

Kleigkeiten C. Mahr

Jazz'n melody Rubinstein

Suite para niños nº 5 B. Precz

Federzeichnungen W. Richter

2. Satz aus suite für akkordeon H. Reinbothe

Ametsa G.Hermosa

Study in studio F A. Van Damme

Eight ball P.Hughes

### PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das

programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

#### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos alumnos examinados, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).

- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regular.

- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.

- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.